

## **BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O APOIO Á EMPRESAS DE RECENTE CREACIÓN “COMPOSTELA MÓVESE 2017”**

### 1º Obxecto

Establécense as bases reguladoras do programa COMPOSTELA MÓVESE 2017“Axudas á empresas de recente creación” para a concesión, en réxime de concorrncia competitiva, de axudas destinadas ao fomento da creación e desenvolvemento de empresas e/ou proxectos de autoemprego iniciando actividade baixo calquera forma xurídica admitida en dereito.

### 2º Finalidade

A finalidade destas axudas é fomentar a creación e desenvolvemento de tecido empresarial no Concello apoiando a empresas e iniciativas de autoemprego mediante axudas ao gasto corrente no que incorren estas iniciativas nun momento especialmente delicado na súa supervivencia empresarial como son os primeiros dous anos de actividade.

### 3º Persoas beneficiarias

Poderán resultar beneficiarios das axudas previstas nesta convocatoria as persoas físicas ou xurídicas que cumpran os seguintes requisitos:

- Iniciar a súa actividade económica entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de maio de 2017.
- Aos efectos deste programa enténdese como data de inicio de actividade aquela na que a persoa solicitante cause alta no IAE ou no seu caso no censo de obrigados tributarios.
- Ter a súa sede social, fiscal e de actividade no Concello de Santiago.
- Que a actividade empresarial iniciada supoña o autoemprego, cando menos, de unha das persoas promotoras da mesma.
- A súa actividade empresarial sexa viable económica, financeira e tecnicamente.
- Non percibisen subvencións ao abeiro do programa de axudas Santiago Investors Support ou Compostela Móvese nos catro anos anteriores á data do inicio da nova actividade.
- Non desenvolvesen a mesma ou similar actividade na mesma localidade, nos 6 meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade.
- Non poderán ser persoas beneficiarias da presente subvención as persoas xurídicas resultado da fusión doutras pre-existentes que non cumpriran os requisitos previstos na presente cláusula, así como os solicitantes que se amparen para acreditar o cumprimento da condición de beneficiario en meros cambios de denominación, domicilio social ou calquera modificación nos estatutos.

#### 4º Criterios de concesión

Teranse en conta na valoración dos proxectos empresariais presentados a esta convocatoria os seguintes criterios:

##### **A. PROXECTO EMPRESARIAL**

a.- Calidade do plan de empresa presentado: Valorarase con un máximo de 5 puntos a calidade, e rigorosidade técnica do proxecto empresarial presentado en función do informe emitido por persoal competente do Concello de Santiago de Compostela en base á análise do plan de empresa presentado na solicitude segundo os seguintes criterios de avaliación:

-Claridade: Trátase de ver no primeiro e segundo apartado, e dunha primeira lectura, a actividade do proxecto empresarial así como os parámetros básicos do mesmo. Ter claro de qué se trata.

-Amplitude: Neste caso, a/s persoa/s promotoras do proxecto debe explicar cada un dos apartados que se lle piden no modelo de contidos do Plan de Empresa (Artigo 7º destas bases). A ampliación da información con novos apartados indica un maior coñecemento e traballo no plan, polo que se valora máis.

-Profundidade: Trátase de ver, dentro de cada un dos apartados, o traballo e coñecemento da actividade, produtos ou servizos para a venda, clientes, competidores, etc. Un coñecemento en profundidade do mercado indicará maior coñecemento e traballo no plan, polo que se valorará máis.

-Presentación: O plan de empresa é a tarxeta de presentación do promotor e do seu proxecto, polo que unha boa presentación é vital e dí moito do proxecto e do promotor.

-Datos económicos: Son empresas xa creadas, polo que presentando os datos solicitados é suficiente para obter unha puntuación mínima. Neste caso valórase a congruencia, e o traballo no plan de empresa. A ampliación da información con contas de resultados, balances, contas de tesourería a curto prazo, e outros datos implica unha valoración superior.

Os criterios de avaliación “claridade”; “amplitude”; “profundidade”; e “presentación”, valoraranse cun máximo de 0,75 puntos cada un deles. O criterio de “datos económicos” valorarase cun máximo de 2 puntos.

Será requisito indispensable para optar á concesión da subvención obter unha puntuación de, cando menos, 1 punto no criterio de “datos económicos”, e 2,5 puntos no global deste apartado. Os proxectos que non acaden dita puntuación serán eliminados do proceso de selección. As iniciativas empresariais que teñan obtido informe positivo do Servizo de Apoio á Empresa do Concello de Santiago para a súa cualificación como Iniciativas Locais de Emprego estarán exentas do cumprimento deste requisito de puntuación mínima, obtendo axuda en

calquera caso e proporcionalmente á puntuación obtida segundo o establecido na base 5ª desta convocatoria.

b.- Idea empresarial promovida por xoves: Valorarase con 1 punto cando a empresa sexa promovida por xoves menores de 30 anos. Entenderase como tales os proxectos de autoemprego promovidos por xoves, as empresas cando a maioría do capital social sexa aportado por xoves menores de 30 anos, ou no caso de empresas de economía social, cando o número de persoas socias sexan maioritariamente ocupados por xoves menores de 30 anos.

c.- Idea empresarial promovida por mulleres: valorarase con 1 punto cando a empresa sexa promovida por mulleres. Entenderanse como tales os proxectos de autoemprego promovidos por mulleres, as empresas cando a maioría do capital social sexa aportado por mulleres, ou no caso de empresas de economía social, cando o número de persoas socias sexa maioritariamente mulleres.

d.- Aportación da actividade da empresa ao desenvolvemento da economía colaborativa.:Valorarase con un punto que a empresa fomente na súa actividade empresarial a economía colaborativa, tanto no ámbito da produción de bens e servizos coma no consumo.

☑Valorarase con un punto que a empresa pertenza á categoría de economía social: Cooperativa de Trballo Asociado ou Sociedade Laboral.

e.- Aportación da idea empresarial ao desenvolvemento do tecido económico local, valorarase con un máximo de 5 puntos, outorgando un punto por sector no que se observe actividade da empresa de entre os seguintes sectores de actividade:

- Actividades primarias e manufactureiras.
- Actividades enmarcadas nas chamadas industrias creativas: a industria cultural (arte, entretemento, deseño, arquitectura, publicidade e gastronomía) e a tecnoloxía do coñecemento (educación, investigación e desenvolvemento, alta tecnoloxía, informática, produción de software, novos medios de comunicación, telecomunicacións, robótica, nanotecnoloxía, e industria aeroespacial). No apartado “gastronomía” só se terá en conta o grupo 671 relativo a restauración.
- Actividades baseadas na explotación comercial de resultados de proxectos de investigación da USC.
- Novos produtos turísticos, especialmente os dirixidos ao turismo idiomático e as actividades de apoio á creación de axencias e servizos receptivos. Empresas de servizos ao turista: tours, visitas guiadas, creación de paquetes turísticos...
- Actividades baseadas na prestación de servizos ás persoas e que melloren a calidade de vida da cidadanía, e en particular as ligadas ás tarefas de coidado e atención a persoas dependentes.
- Ou calquera outra actividade empresarial innovadora e xeradora de emprego que cumpra os requisitos do Decreto 9/2000 que regula as Iniciativas de Emprego, e cualificada como Iniciativa Local de Emprego.

## B. EMPREGO CREADO POLA EMPRESA

1.-Emprego xerado por conta propia (promotores): 3 puntos por persoa.

2.-Emprego xerado por conta allea:

- Contratos indefinidos a tempo completo: 3 puntos por persoa.
- Contratos indefinidos a tempo parcial: Parte proporcional en función do tempo traballado.
- Contrato temporal a tempo completo (> = 6 meses): 1 punto por persoa.
- Contrato temporal a tempo completo ou parcial (>= a 480 horas en cómputo global): 0,5 puntos por persoa.

3.-Emprego xerado para mulleres e persoas en situación ou risco de exclusión social:

- Por cada posto de traballo (por conta propia ou por conta allea) indefinidos e a tempo completo ocupado por unha muller: 1 punto por persoa.
- Por cada posto de traballo (por conta propia ou por conta allea) indefinidos e a tempo completo ocupado por persoas en situación ou risco de exclusión social: 1 punto por persoa.
- Se o contrato é temporal a tempo completo (>= 6 meses) ocupado por unha muller: 0,25 puntos por persoa.
- Se o contrato é temporal a tempo completo (>= 6 meses) ocupado por unha persoa en situación ou risco de exclusión social: 0,25 puntos por persoa.
- Se o contrato é temporal a tempo completo ou parcial (>= 480 horas) ocupado por unha muller: 0,1 punto por persoa.
- Se o contrato é temporal a tempo completo ou parcial (>= 480 horas) ocupado por unha persoa en situación ou risco de exclusión social: 0,1 punto por persoa.

A efectos da valoración dos contratos de traballo ocupados por persoas en situación de exclusión social ou risco de exclusión social, terase en conta o artigo 3 da Lei 10/2013 de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia:

*Artigo 3. Criterios para a valoración da situación de exclusión social ou de risco de exclusión social:*

*1. Para a valoración técnica da situación ou risco de exclusión social, e de conformidade co establecido nesta lei e na normativa de desenvolvemento, verificarase a ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego, así como a concorrencia dalgún dos factores de exclusión seguintes, cando esa condición supoña especiais dificultades de integración social ou laboral:*

- a) Estar nunha situación de cargas familiares non compartidas.*
- b) Estar en proceso de rehabilitación social, como resultado dun programa de deshabitación de substancias adictivas ou de calquera outra adicción que produza efectos persoais e sociais de natureza semellante.*
- c) Ter a condición de muller vítima de violencia de xénero.*
- d) Ser unha persoa vítima de violencia doméstica.*
- e) Ter unha discapacidade valorada superior ao 33 %.*
- f) Ser inmigrante ou emigrante retornado.*
- g) Proceder de institucións de protección ou reeducación de menores.*
- h) Proceder de cumprimento de pena nunha institución penitenciaria.*
- i) Ser unha persoa sen fogar ou habitar nunha infravivenda.*
- j) Pertencer a unha minoría étnica.*
- k) Estar en proceso de abandono do exercicio da prostitución ou ser vítima de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas.*
- l) Ter a condición de persoa transexual ou estar en proceso de reasignación sexual.*
- m) Calquera outro factor non previsto expresamente neste artigo sempre que, ponderado polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral. Esta ponderación poderá ser tamén obxecto de avaliación por parte dos técnicos da Comunidade Autónoma.*

A puntuación máxima que se pode acadar neste apartado será de 12 puntos.

## C. USO DO GALEGO NO PROXECTO EMPRESARIAL

Valorarase con 0.5 puntos o uso do galego na elaboración do plan de empresa presentado e con 0.5 puntos a declaración da utilización do galego na actividade empresarial.

Será requisito indispensable para optar á concesión da subvención obter unha puntuación global igual ou superior a 8 puntos. Os proxectos que non acaden dita puntuación serán eliminados do proceso de selección. As iniciativas empresariais que teñan obtido informe positivo do Servizo de Apoio á Empresa do Concello de Santiago para a súa cualificación como Iniciativas Locais de Emprego estarán exentas do cumprimento deste requisito de puntuación mínima.

#### 5º Gastos subvencionables

Terán a consideración de gastos subvencionables os considerados como correntes realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 30 de setembro de 2017 nos seguintes conceptos:

1. Custo de persoal (salario e seguridade social) contratado por conta allea, cotas autónomos (RETA ou calquera outro réxime especial por conta propia da seguridade social) do empresario individual e socios , e cotas das mutuas dos colexios profesionais.
2. Compras de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos.
3. Arrendamentos e canons.
4. Reparacións e conservacións.
5. Servizos profesionais independentes.
6. Transportes.
7. Primas de seguros.
8. Publicidade, propaganda e relacións públicas.
9. Gastos de formalización de constitución da sociedade se é o caso.
10. Subministrados e outros gastos correntes

Non serán subvencionables en ningún caso os investimentos en activo ou que poidan activarse nun futuro.

Esíxese un mínimo de 3.000,00€ (IVE excluído) para empresas en xeral, e 5.000,00 € (IVE excluído) para cooperativas e sociedades laborais, en gastos xustificadas para poder concorrer a esta convocatoria.

Os gastos teñen que ser pagados por transferencia bancaria, domiciliación bancaria, talón bancario ou mediante tarxeta de crédito. **Non se admitirán pagos en efectivo.**

Segundo o artigo 29.8º da Lei 9/2007, en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Estas axudas teñen carácter finalista polo que o importe da subvención concedida non poderá ser empregado con outros fins.

#### 6º Contía da subvención

Ao presente programa destínase unha partida de 80.000 euros con cargo aos orzamentos municipais do ano 2017 partida 070 43300 47901

A contía individualizada da subvención a outorgar será de 3.000 € por proxecto empresarial en xeral, e de 5.000 euros si se trata de cooperativas de traballo asociado ou sociedades laborais, con independencia do número de beneficiarios que a compoñan. Será necesario un mínimo de 8 puntos para optar á subvención.

En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver o beneficiario.

#### 7º Procedemento, solicitudes e documentación, e xustificación

Nesta convocatoria se contemplan dúas fases:

Unha primeira fase de presentación de solicitudes e documentación que terá por obxecto a admisión das solicitudes presentadas, avaliar a documentación, e outorgar as subvencións en base ó sistema de concorrencia competitiva. En base ó dito sistema, e á puntuación obtida, elaborárase unha lista das solicitudes aprobadas, as que están en agarda, e as denegadas.

Unha vez notificada a resolución do órgano competente ós interesados, estes disporán dun prazo de 10 días para recurrir.

Unha vez resoltos os recursos, e sendo a relación definitiva, pasarase a unha segunda fase que será a de xustificación. Nesta segunda fase, os proxectos aprobados poderán presentar as facturas, xustificantes de pago, e resto de documentación. En caso de non facelo, ou non cumprir co mínimo esixible, decaerán, e se chamará ó seguinte da lista de agarda.

#### **Fase de presentación de solicitudes e documentación:**

As solicitudes realizadas no modelo de instancia adxunto a estas bases, dirixiranse á Oficina de Economía dependente da Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico, e Turismo, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (rúa Presidente Salvador Allende, 4), ou por calquera dos medios previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

-Alta no réxime de autónomos da/s persoa/s promotor/s. Para empresas de economía social que optaran polo Réxime Xeral, as correspondentes altas.

-Informe de Vida Laboral do/a promotor/a a efectos da comprobación dos requisitos establecidos no punto 3º destas bases.

-Fotocopia compulsada da escritura de constitución da sociedade mercantil, ou cooperativa, ou sociedade laboral, no seu caso.

-Alta no IAE ou, no seu caso, da declaración de alta no censo de obrigados tributarios.

-Fotocopia compulsada do NIF/CIF da persoa física ou xurídica. E neste último caso DNI da persoa que ostente a representación da sociedade e documento que acredite a dita representación.

-Orixinal ou fotocopia compulsada do poder suficiente outorgado para a tramitación desta axuda a un terceiro pola persoa representante da empresa, así como DNI da persoa á que se lle outorga representación no caso de ter delegada a un terceiro alleo á empresa a tramitación da solicitude de axuda.

-Declaración de tódalas axudas solicitadas ou concedidas, durante os tres anos anteriores, polas administracións públicas competentes ou entes públicos, nacionais ou internacionais, ou de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin obtivo outras axudas ou subvencións (Anexo I)

-Un plano de empresa que acreditará a viabilidade económica, técnica e financeira do proxecto, así como toda a información relativa á actividade económica da empresa útil para a súa valoración de acordo co baremo establecido que recolla como mínimo os seguintes contidos:

1.-Descrición do proxecto e presentación das persoas promotoras.

1A.-Definición e características principais do proxecto: Como xorde a idea, en qué consiste, localización prevista para a empresa, investimento inicial previsto.

1B.-Presentación das persoas promotoras: resumo breve da súa formación, experiencia profesional, situación laboral previa á constitución da empresa.

2.- Descrición do produto-servizo para a venda

2A.- Descrición das características principais do produto-servizo.

2B.- Necesidades que cubre e públicos aos que se dirixe

3.- Mercado

3A.- Clientes para o produto-servizo.

3B.- A Competencia da empresa.

3C.- Os Provedores da empresa

3D.- Outros aspectos: Regulación legal

4.- Recursos Humanos da Empresa

4A.- Postos de traballo a crear para as persoas promotoras

4B.- Postos de traballo a crear por conta allea.

4C.- Organigrama da empresa.

5.- Outros datos a ter en conta

5A.- Axudas e subvencións que se poden solicitar para a nova empresa.

5B.- Forma xurídica prevista para a nova empresa.

5C.- Outros datos a comentar: contribución da empresa ao desenvolvemento económico do Concello de Santiago.

6.- DATOS ECONÓMICOS. Plan de viabilidade económica e financeira a tres anos. O plan de viabilidade económica deberá conter, como mínimo, unha conta de investimentos e financiamento, e as contas de resultados a tres anos.

O plan de empresa debe ter un mínimo de dez páxinas e un máximo de trinta.

-Fotocopia compulsada dos contratos de traballo dos traballadores contratados por conta allea, **en vigor o día de publicación destas bases no BOP.**

-No seu caso, declaración de concorrer ou de atoparse nalgunha das situacións valorables consorte os criterios de concesión establecidos.

-Declaración responsable da persoa solicitante de non estar incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiario recollidas nos apartados 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia (Anexo II).

-Declaración de utilización do idioma galego nas actividades da empresa (Anexo II).

-Calquera outra documentación que se estime necesaria para a baremación do expediente.

-Unha declaración da persoa interesada na que se compromete a aportar facturas e xustificantes dos gastos subvencionables, como mínimo polo importe esixido no Artigo 5, a realizar entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro (Anexo III).

Se a solicitude non reúne os requisitos previstos nos puntos anteriores, requirirase á persoa interesada para que no prazo de dez días, emende a falla ou acompañe os documentos preceptivos, no caso contrario terase por desistido/a na súa petición.

#### **Fase de xustificación:**

Na fase de xustificación, os interesados deberán presentar por Rexistro, unha solicitude acompañada da seguinte documentación:

-Unha relación das facturas e gastos subvencionables (nóminas, TCs). Deberá acompañarse, tamén, o número de conta para ingreso da subvención (Anexo IV).

-Fotocopias compulsadas dos gastos subvencionables para os que se solicita a axuda (Facturas, nóminas, TCs). Deberán achegarse fotocopias compulsadas ou documentos de pago selados pola entidade bancaria dos comprobantes de pagamento ( transferencia bancaria, domiciliación do gasto en conta corrente ou cargo en conta de talóns e pagos con tarxetas bancarias). Non se admitirán orzamentos ou facturas pro forma.



-Para a xustificación dos gastos de persoal deberán aportarse fotocopias compulsadas das nóminas e TCs de cotización á Seguridade Social.

-Orixinal ou fotocopia compulsada do certificado bancario de titularidade de conta para o abono da subvención, así como de cada unha das contas dende as que se teñan efectuado pagamento de nóminas e/ou facturas para as que se solicita axuda.

-Certificados de estar ao corrente nos pagamentos coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia e Facenda do Concello de Santiago.

#### 8º Prazos de presentación de solicitudes e xustificación

O prazo xeral de presentación de solicitudes iníciase ao día seguinte da publicación do extracto desta convocatoria no boletín oficial da provincia de A Coruña e rematará o 14 de xullo de 2017.

Para a presentación das solicitudes de axudas as persoas beneficiarias poden contar co asesoramento do Servizo de Apoio á Empresa da Oficina de Economía do Concello de Santiago.

As consultas sobre as presentes bases, poderán facerse a través do correo electrónico do Servizo de Apoio á Empresa ([sae@santiagodecompostela.gal](mailto:sae@santiagodecompostela.gal)), ata o día 30 de xuño de 2017.

O prazo para presentar a documentación correspondente á fase de xustificación, iníciase o 1 de outubro e rematará o 31 do mesmo mes.

#### 9º Instrución do procedemento

Recibidas as solicitudes, a instrución do procedemento levarase a cabo pola Área de Economía da Oficina de Promoción Económica e Emprego tendo en conta o establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A Oficina de Promoción Económica dependente da Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que se deba formular a proposta de resolución.

A avaliación das solicitudes, consonte aos criterios de valoración establecidos na base 3ª, realizarase por unha comisión avaliadora composta polos seguintes membros:

Presidente/a: O Concelleiro/a responsable de Desenvolvemento Económico..

Vocais: dous/dúas técnicos/as municipais pertencentes a os grupos A1 y/o A2 e dous/dúas Axentes de Desenvolvemento Local nomeados/as polo/a Presidente/a .

Actuará como Secretario/a un funcionario/a do departamento de Promoción Económica (sin voto na súa calidade de Secretario/a).

Á vista da avaliación efectuada pola comisión, a Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico, e Turismo formulará proposta de resolución na que se indicarán as empresas beneficiarias, as que quedan en agarda, así como pronunciamento expreso e motivado sobre as solicitudes desestimadas; que se elevará á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver o procedemento de concesión.

### 10º Resolución do órgano competente

O órgano competente para resolver será a Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago.

O procedemento resolverase no prazo máximo de 4 meses a partir da data límite de presentación de solicitudes. Transcorrido o prazo máximo sen que teña recaído resolución expresa, a solicitude estenderase desestimada por silencio administrativo.

### 11º Recursos

As resolucións que se ditan neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

### 12º Obrigas das persoas beneficiarias

-Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención do Concello, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

-Comunicar ao órgano concedente, tan pronto como se coñeza, calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

-Manter a empresa, nas mesmas condicións que determinaron a obtención da subvención, polo prazo mínimo dun ano dende a súa creación. O incumprimento desta obriga será causa de revogación da subvención concedida.

-A os efectos do cumprimento do previsto pola Lei 0/2007 de Subvencións de Galicia no referente a publicidade; o Concello facilitará o soporte gráfico que publicite a concesión da subvención, soporte que deberá figurar polo prazo dun ano dende a concesión nun lugar visible da sede social da empresa y/ou reproducido na portada Web vinculada a empresa.

-As restantes obrigas establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

### 13º Incompatibilidades

A presente axuda quedará suxeita ao réxime de axudas *de minimis*, polo que non poderán exceder os límites cuantitativos (200.000 euros nun período de tres anos, agás para o sector do transporte por estrada que é de 100.000 Euros) establecidos no Regulamento (CE) 1998/2006,

da Comisión da Unión Europea, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* (DOUE nº L379/5, do 28 de decembro).

Esta axuda será compatible con outras subvencións ou axudas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, co límite establecido na base 5ª parágrafo 3º. Esta axuda será incompatible con outras subvencións ou axudas concedidas para o mesmo fin polo Concello de Santiago de Compostela, en particular coas convocatorias de financiamento de gasto corrente do programa Urbana Santiago Norte dos anos 2013, 2014 e 2015 e coas convocatorias do Compostela Móvese e Santiago Investors Support de anos pasados.

#### 14º Reintegro

Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e da Lei 38/2003 xeral de subvencións e normativa de desenvolvemento.

#### 15º Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución e eventualmente á súa revogación.

#### 16º Entrada en vigor e vixencia

As presentes bases entrarán en vigor o día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia do extracto da convocatoria. As bases completas da mesma poderán consultarse na Base Nacional de Subvencións así como na web municipal [www.cersiaempresa.gal](http://www.cersiaempresa.gal)

#### 17º Financiamento

A concesión das axudas previstas nesta convocatoria estará suxeita á existencia de crédito de 80.000 euros con cargo aos orzamentos municipais do ano 2017 partida 070 43300 47901

#### 18º Normativa

Para calquera outro aspecto non contemplado nestas será de aplicación a Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

En Santiago de Compostela a 10 de maio de 2017.

Marta Lois González  
Concellera Delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo do Concello de  
Santiago de Compostela

**INSTANCIA DE SOLICITUDE**

<b>1.- DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA INICIATIVA EMPRESARIAL SOLICITANTE:</b>	
DNI/CIF:	Nome Apelidos/Denominación Social
Rúa/Número	
Municipio	Provincia
Teléfono	E-mail
Actividade Económica	
Data de inicio de actividade	
Data alta RETA	
Enderezo Fiscal	
<b>2.- DATA DA PERSOA REPRESENTANTE DA EMPRESA QUE TRAMITA A AXUDA</b>	
DNI/CIF	Nome e Apelidos
Domicilio a efectos de notificacións (Rúa/número/piso/letra)	
Municipio	Provincia
Teléfono	E-Mail

D/Dna ..... con DNI ..... En representación da empresa .....

Expón que cumprindo a empresa todos os requisitos esixidos pola convocatoria publicada no BOP Coruña de data ..... solicita que a presente solicitude sexa admitida a trámite na convocatoria de AXUDAS PARA O APOIO A EMPRESAS DE RECENTE CREACIÓN "COMPOSTELA MÓVESE 2017"

Santiago de Compostela ..... de ..... de 2017.

Asinado D/Dna:.....

En representación da empresa.....

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**ANEXO I**

D/Dña: \_\_\_\_\_ Con DNI nº \_\_\_\_\_ en  
nome e representación da empresa: \_\_\_\_\_ Con CIF nº \_\_\_\_\_  
E domicilio a efectos de notificación en: \_\_\_\_\_

DECLARA BAIXO XURAMENTO:

\_\_\_ Que para o presente proxecto se solicitaron e/ou obtiveron as axudas que se relacionan a continuación:

Axuda	Organismo	Disposición reguladora	Solicitada/ Concedida	Ano	Importe

Ou no caso de non ter solicitado ningunha axuda:

\_\_\_ Que para o presente proxecto de investimento NON se solicitou nin obtivo ningunha axuda doutras administracións públicas competentes ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais.

No caso de ter solicitada ou concedida outra axuda para este proxecto, deberá cubrir un cadro como o que sigue para cada unha das axudas públicas solicitadas:

NOME DA AXUDA:						
Nº Fact:	Provedor	Concepto	Data Fact	Xustificante pago	Data pago	Importe (sen IVE)

Que se compromete a notificar ó Concello as axudas que solicite ante calquera administración pública ou outros entes públicos, nacionais ou internacionais, en data posterior á desta declaración.

En Santiago de Compostela a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017  
Asdo \_\_\_\_\_



ANEXO II

D/Dña: \_\_\_\_\_

Con DNI nº \_\_\_\_\_ en nome e representación da empresa:

\_\_\_\_\_ CIF \_\_\_\_\_

E domicilio a efectos de notificación en: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

-Non estar incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiario recollidas nos apartados 2º e 3º do Artigo 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Empregar o idioma galego no desenvolvemento da actividade empresarial obxecto desta axuda.

Ou alternativamente:

NON empregar o idioma galego no desenvolvemento da actividade empresarial obxecto desta axuda.

En Santiago de Compostela a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017

Asdo \_\_\_\_\_



ANEXO III

D/Dna: \_\_\_\_\_

Con DNI nº \_\_\_\_\_ en nome e representación da empresa:

\_\_\_\_\_ CIF \_\_\_\_\_

E domicilio a efectos de notificación en: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

DECLARA:

Que se compromete a aportar facturas e xustificantes de pago dos gastos subvencionables, como mínimo polo importe esixido no Artigo 5, a realizar entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2017.

En Santiago de Compostela a\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017

Asdo \_\_\_\_\_







